

ACTA DA 2ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE NOVIEMBRE DE 2017 DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DA OBRA "PAVIMENTACIÓN DE VÍAS NO CONCELLO DA ESTRADA" (Incluída no Plan de Obras e Servizos-Plan Concellos 2017-Liña 1)

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 10:30 horas, do día 30 de novembro de 2017, reúnen-se os integrantes da Mesa de Contratación que se constitúe para proceder á apertura de plicas correspondentes ao contrato da obra "PAVIMENTACIÓN DE VÍAS NO CONCELLO DA ESTRADA", que son:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

VOGAIS:

- D. Juan Manuel Constenla Carbón, 1º Tenente de Alcalde
- Dona María Jesusa Fernández Bascuas Secretaria acctal., Municipal
- Don Luis Manuel Lozano Lorenzo do departamento de Intervención (en substitución de Dna. Ana Vigo Fariña Interventora Municipal)
- D. Daniel Órrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal
- Dna. Belén Louzao Vieites do grupo municipal do PS de G.-PSOE

NON ASISTEN:

- D. Xosé Magariños Maceiras do BNG
- Dona Mar Blanco Casais de MOVETE

-SECRETARIA DA MESA: Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Polo Presidente, indícase aos compoñentes da Mesa que, de conformidade ao acordado na reunión celebrada o día 23 de novembro 2017, na que se procedeu á apertura do sobre A, (documentación administrativa) detectouse que a empresa NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., presenta un CD que non tiña nada grabado nin a declaración responsable nin a declaración xurada respecto daquelas empresas coas que ten algún tipo de vinculación e que a empresa MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L. (MARCONSA), non presenta a declaración de empresas vinculadas, tal e como se establecía no prego de cláusulas administrativas. A Mesa, por unanimidade, ao considerar que se trata dunha omisión enmendable, requiríuselle as citadas empresas, para que en caso de que seguisen interesadas neste procedemento, aportaran a indicada documentación, para o cal se lle concedeu un prazo de tres días hábiles a contar dende a recepción do requirimento.

Durante o prazo concedido ámbalas dúas empresas presentaron correctamente a documentación que se lle requiría, polo tanto continúan nesta licitación.

De seguido procédese á apertura do sobre C (Proposición técnica e elementos da oferta non cuantificables mediante a aplicación de fórmulas), e compróbase que todas as empresas admitidas nesta licitación presentan un programa de construción, unha memoria descriptiva proceso de execución, un plan de control de calidade, unha memoria de prevención de riscos e un programa de actuación medioambiental.

A continuación a Mesa decide pasar a documentación do sobre C (Proposición técnica e elementos da oferta non cuantificables mediante a aplicación de fórmulas), de todas as empresas ao arquitecto técnico municipal Sr. Órrea Corral, para que emita o informe de valoración correspondente. Unha vez emitido o mesmo, volverase a reunir a Mesa para dar a coñecer o mesmo e posteriormente á apertura dos sobres B (oferta económica), o cal será anunciado no Perfil do Contratante o día e a hora da reunión.

E non sendo outro o obxecto deste acto, dáse por rematado o mesmo sendo as once horas do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)